

Puntuacións provisionais do premio extraordinario de bacharelato 2023-2024. Corrección de erros

Como consecuencia das reclamacións realizadas ás puntuacións provisionais publicadas o pasado día 4 de xullo de 2024, detectáronse discrepancias anormalmente altas entre as puntuacións da corrección ordinaria e as da segunda corrección do exercicio de análise e comentario crítico de texto. Isto deu lugar a unha revisión de oficio de todas as puntuacións deste exercicio onde se detectaron erros de transcripción de puntuacións nun número significativo de casos.

Este tribunal decide realizar unha rectificación de oficio de todas as puntuacións con erros na transcripción no exercicio de análise e comentario crítico de texto. Por este motivo, retrotráese o proceso administrativo deste premio á publicación das puntuacións provisionais.

Polo tanto:

- publícase unha nova listaxe de puntuacións provisionais corrixidas,
- quedan sen efecto as reclamacións ás puntuacións presentadas despois da publicación o 4 de xullo das puntuacións provisionais erróneas,
- ábrese un novo prazo de reclamacións ás puntuacións provisionais, entre o 26 de xullo e o 9 de setembro.

Todo o alumnado que desexe que as súas puntuacións sexan revisadas, incluído aquel que xa presentara reclamación previamente, deberá formalizar unha reclamación empregando o Anexo II da Orde do 19 de abril de 2024 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2023/24 (código de procedemento ED311A) publicada no DOG do 26 de abril.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

Visto e prace

O presidente

Manuel Calaza Cabanas, xefe de servizo de Avaliación do Sistema Educativo

Manuel Enrique Prado Cueva, subdirector xeral Inspección e Avaliación do Sistema Educativo.

